Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	30/60





E doutra, dona Ana Belén Ermida Igrexas, alcaldesa do Concello de Barreiros, con NIF P2700500H e sede social na rúa Vila, 63, CP 27790, Barreiros, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesarias para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- O 13 de decembro de 2024 asinouse polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento.

Consonte ao establecido na súa cláusula primeira, as actuacións que constitúen o seu obxecto teñen o seguinte custo:

Actuacións	CUSTO (IVE engadido)
Obras de mellora en infraestruturas básicas da rede de abastecemento: depósitos da Folgueirosa e Merille (segundo proxecto técnico)	80.690,31 €
Obras de mellora da rede secundaria de abastecemento: substitución de tramos obsoletos de tubaxe e chaves (segundo proxecto técnico)	148.420,46 €
Redacción de proxecto para a instalación de tubaxe directo para conexión do depósito de cabeceira co depósito da Folgueirosa (segundo memoria valorada)	25.265,49 €
CUSTO TOTAL	254.376,26 €

A Deputación de Lugo comprometeuse a financiar o dito custo, executando as actuacións na súa totalidade, segundo se estipula na mesma cláusula primeira, na cláusula cuarta e no número 1 da letra A) da cláusula quinta.

Segundo.- Para a execución das ditas actuacións por parte da Deputación, a Xunta de Goberno acordou, o 27 de decembro de 2024, aprobar o correspondente encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA); que se formalizou o 3 de xaneiro de 2025.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página 31/60	

Asemade, a Presidencia resolveu nomear, como director técnico das actuacións que constitúen o obxecto do encargo a D. Jaime Caldeiro Pérez, enxeñeiro técnico agrícola da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Terceiro.- Realizadas as operacións de comprobación do reformulo e unha vez obtidas as correspondentes autorizacións administrativas, iniciouse a realización dos traballos, constatándose, pola dirección técnica, a necesidade de engadir obras ás inicialmente contratadas, expedíndose o correspondente informe o 23 de xullo de 2025, que consta no expediente.

Cuarto.- Para que o Concello de Barreiros puidera cumprir o seu compromiso de achegar os proxectos técnicos (cláusula cuarta 4.2.3), dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, déuselle traslado do dito informe o mesmo 23 de xullo de 2025.

Quinto.- Á vista do devandito informe, dende o Concello de Barreiros, remitíronse á Deputación de Lugo os novos proxectos, incluíndo as modificacións indicadas pola dirección técnica, dando lugar ás seguintes desviacións nos custos:

Actuacións	Custo inicialmente previsto (IVE engadido)	Custo previsto tralas modificacións (IVE engadido)	Desviación
Obras de mellora en infraestruturas básicas da rede de abastecemento: depósitos da Folgueirosa e Merille (segundo proxecto técnico)	80.690,31 €	120.025,18 €	+ 39.334,87 €
Obras de mellora da rede secundaria de abastecemento: substitución de tramos obsoletos de tubaxe e chaves (segundo proxecto técnico)	148.420,46 €	221.491,72 €	+73.071,26 €
Redacción de proxecto para a instalación de tubaxe directo para conexión do depósito de cabeceira co depósito da Folgueirosa (segundo memoria valorada)	25.265,49 €	25.265,49 €	0,00 €
CUSTO TOTAL	254.376,26 €	366.782,39 €	112.406,13 €

Sétimo.- Á vista do expediente, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a modificación do convenio, a cal se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	32/60





que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Do mesmo xeito, á vista do expediente, o Servizo de Fiscalización informouno de conformidade.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de cooperación de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes,

Estipulacións.

Primeira.- A Cláusula primeira.- Obxecto, queda redactada do seguinte xeito:
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Obras de mellora en infraestruturas básicas da rede de abastecemento: depósitos da Folgueirosa e Merille (segundo proxecto técnico)	120.025,18 €
Obras de mellora da rede secundaria de abastecemento: substitución de tramos obsoletos de tubaxe e claves (segundo proxecto técnico)	221.491,72 €
Redacción de proxecto para a instalación de tubaxe directo para conexión do depósito de cabeceira co depósito da Folgueirosa (segundo memoria valorada)	25.265,49 €
CUSTE TOTAL	366.782,39 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
366.782,39 €	0,00 €
TOTAL: 366.782,39 €	

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	33/60



As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- A Cláusula quinta.- Réxime económico modifícase co seguinte teor:

A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio, efectuará unha achega de 366.782,39 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Xeral:

254.376,26 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.6500955

112.406,13 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009

2.-Achega do Concello.

O Concello de Barreiros financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do Concello de Barreiros.

C) Xustificación.

Unha vez finalizadas as obras contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 30 de novembro de 2025, a Deputación de Lugo notificará este feito ao Concello de Barreiros, ao efecto de que este abone, no seu caso, a cantidade prevista no número 2 da letra A) desta mesma cláusula quinta.

A dita notificación irá acompañada da/s certificación/s correspondente/s, así como da acta de recepción das obras executadas.

Recibida a notificación, o Concello de Barreiros aboará á Deputación, no seu caso, as cantidades que lle correspondan no prazo dun mes, e achegará a documentación xustificativa do ingreso na conta da Deputación: ES04 2080 0163 85 3110000423.

Terceira.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 6 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe.”

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 112.406,13 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025, derivado das modificacións citadas.”

	IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM	Página	34/60	



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3ª.- Proposta de aprobación, se procede, da resolución do convenio de colaboración asinado con data 15/12/2020 entre a Escuela de Organización Industrial e a Deputación de Lugo, en calidade de socio colaborador, do proxecto “Acciones formativas personas desempleadas de larga duración” F114.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que a Deputación de Lugo, atendendo ó establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, (modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local) ten como competencia propia a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Considerando que a Escuela de Organización Industrial (EOI) é unha fundación do sector público estatal dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e dixital.

En coherencia co establecido no punto anterior, con data 15 de decembro de 2020 asinouse un Convenio de Colaboración entre EOI e a Deputación de Lugo como Socio Colaborador, para a realización de accións de formación e titorización no marco das accións que executa EOI dentro do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación, cuxos obxectivos van estar enfocados á formación en dixitalización e novas profesións das persoas desempregadas de longa duración mediante programas formativos presenciais e/o en liña que se desenvolverán mediante formación grupal e/o individual na Provincia de Lugo, Comunidade Autónoma de Galicia. A través deste proxecto preténdese aumentar as competencias profesionais das persoas desempregadas, reducir a brecha competencial entre oferta e demanda de traballo e mellorar a competitividade económica e sectorial grazas á mellora na dixitalización dos profesionais para incorporar.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	35/60



Estes obxectivos logranse a través da realización de 11 accións formativas en desenvolvemento de programas de adquisición e/ou actualización de competencias profesionais: Nestes programas impartirase formación técnica en dixitalización e novas profesións en áreas de demanda do mercado laboral. Acompañarase de módulos de mellora da empregabilidade e acceso ao mercado laboral.

Obxectivo Específico 8.1.2. “Mellorar a empregabilidade especialmente das persoas desempregadas e/o demandantes de emprego, a través da adquisición e/o actualización de competencias profesionais”.

Medida 8.1.2.1- Accións de formación de persoas desempregadas en ocupacións caracterizadas polo uso intensivo de novas tecnoloxías, especialmente da información e das comunicacións. Formación DLD.

Considerando que este proxecto desenvólvese dentro do Programa Operativo da Fundación EOI para o fomento do emprego novo de intervención comunitaria do Fondo Social Europeo de Emprego, Formación e Educación CCI 2014ES05SFOP002 no marco obxectivo de investimento en crecemento e emprego destinada a todas as rexións de España, aprobado por decisión da Comisión Europea do 17 de decembro de 2015 e modificado pola Decisión de Execución da Comisión de data 14 de Decembro de 2018. Esta acción está enmarcada dentro dos obxectivos descritos no Eixo 1 para “Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral” e a Prioridade de Investimento 8.1. “Facilitar o acceso ao emprego aos demandantes de emprego e persoas inactivas, incluídos os desempregados de longa duración e persoas afastadas do mercado laboral, así como as iniciativas de emprego locais e o fomento da mobilidade laboral.

Considerando que o prazo de execución deste Convenio estableceuse, nun principio, con data máxima do 31.12.2022. Posteriormente, con data 04.05.2022, asínase unha Addenda na que se establece que o prazo máximo de execución das actuacións finaliza o 31.07.2023 e o prazo de presentación da conta xustificativa finaliza o 31.10.2023.

Considerando que o orzamento do convenio para estas accións é de trescentos setenta e un mil oitocentos vinte euros (371.820,00 €).

A Deputación de Lugo realiza unha achega económica total para o programa formativo por importe de setenta e catro mil trescentos sesenta e catro euros (74.364,00 €), que se achegará con cargo aos fondos que proveñen do peche do Programa Operativo FEDER 2007/2013 de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas, que con motivo do peche do mesmo foi reintegrado pola Comisión Europea, en particular do proxecto “F.71.003 - FEDER 1/11- Galicia/ Dinamización do Tecido produtivo e o F” que ten un saldo positivo para a Deputación de Lugo de 579.839,39 € euros (o saldo pendente). O financiamento achegado pola Deputación de Lugo no ten carácter de subvención, tal e como se estipula no punto 7. “Financiación” do convenio asinado con data 15.12.2020.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	36/60





Pola súa banda, a EOI correspondeulle desenvolver na execución dos programas as seguintes actividades:

- a) Dirección e execución académica dos Programas.
- b) Deseño e adaptación dos contidos dos Programas.
- c) Administración dos Programas.
- d) Relación coa Unidade Administradora do Fondo Social Europeo.
- e) Selección de alumnos e profesores.
- f) Contratación e pago do profesorado.
- g) Achea da documentación docente.
- h) Contratación dun seguro de accidentes para alumnos en programas presenciais.
- i) Avaliación dos alumnos.
- j) Coordinación central de alumnos e profesores.
- k) Coordinación e realización de accións difusión, comunicación, e publicitarias.

Por outro lado, a Deputación de Lugo contribúe á execución dos Programas mediante o desenvolvemento das seguintes actividades:

- a) Colaboración con EOI na difusión e captación de alumnos.
- b) Colaboración con EOI poñendo ao dispor da infraestrutura e o equipamento para o desenvolvemento das actividades de carácter presencial dos Programas.
- c) Coordinación local de alumnos e profesores.
- d) Colaboración na promoción e difusión dos Programas, de acordo cos criterios e directrices de EOI, que en todo caso realizaranse de forma consensuada coa Deputación de Lugo e co estricto cumprimento da normativa comunitaria e nacional aplicable.

Considerando que a EOI deberá xustificar durante a vixencia do convenio, nos tres meses a contar desde a finalización das actuacións obxecto do mesmo, a través dunha conta xustificativa que inclúa como gasto elixible a imputación de custos Indirectos e que terá o seguinte contido:

Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	37/60	

Memoria económica xustificativa do custo das actuacións obxecto de convenio, que conterá:

Declaración do custo total das actuacións, indicando os importes do financiamento. Na declaración faranse constar aqueles ingresos ou subvencións procedentes doutras fontes de financiamento.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actuacións obxecto do presente convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputan á Deputación de Lugo. No caso de relacionarse nóminas, debe desagregarse: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, ocorresen entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior. Soamente terán que presentarse as facturas e xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Declaración das ingresos obtidos doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para as actuacións obxecto do presente convenio, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outros ingresos obtidos doutras administracións públicas ou privadas para as actuacións convidadas.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto do convenio foi realizada na súa totalidade dando cumprimento ás condicións que motivaron a súa aprobación e aos compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable de que a EOI asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicar se non asume o custo do IVE.

Declaración responsable na que se faga constar que a EOI non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

	IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM	Página	38/60	



Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable na que se reflicta a colaboración da Deputación de Lugo e que este extremo inseriuse na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Atendendo ó indicado no punto anterior, a EOI presentou con data 27 de outubro de 2023 (RE nº: 2023RPE021180), a conta xustificativa relativa á citada subvención, á que engadiu, o 30 de maio de 2025, documentación complementaria.

Considerando que da revisión da documentación presentada segundo establece a normativa reguladora deste convenio e ó establecido no artigo 52.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, aos efectos previstos no convenio asinado entre a Escuela de Organización Industrial e a Deputación Provincial de Lugo asinado con data 15.12.2020, apróbase con data 07.07.2025, mediante Resolución de Presidencia, a conta xustificativa do convenio segundo as cantidades indicadas no seguinte cadro:

Cantidade Xustificada	Importe Deputación de Lugo 20 %	Cantidade ingresada	Cantidade a devolver	Diferenza a ingresar
306.441,82 €	61.288,36 €	12.996,20 €	13.075,64 €	79,44 €

Considerando que con data 10.07.2025 remítese comunicación á Escuela de Organización Industrial. Con data 17.07.2025 a Escuela de Organización Industrial ingresa no número de conta bancaria da Deputación Provincial de Lugo a cantidade 79,44 €.

Atendendo ó anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a resolución do Convenio de Colaboración asinado con data 15.12.2020 entre a Escuela de Organización Industrial e a Deputación de Lugo, en calidade de socio colaborador, do Proxecto “Acciones formativas personas desempleadas de larga duración” F114, segundo o artigo 51.1 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página	39/60	

2º.- Aprobar a liquidación do Convenio de Colaboración asinado con data 15.12.2020 entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo, en calidade de socio colaborador, ó non quedar obrigas pendentes entre as partes do Proxecto “Acciones formativas personas desempleadas de larga duración” F114, segundo o artigo 51.1 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto do Servizo de Vías e Obras en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Vías e Obras acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Acredor	Nº factura	Data factura	Importe	Obxecto do gasto	Natureza xurídica	Data realización	Concepto orzamentario/ADO provisional
INVECO, S.L. (Lote II)	2025-589	08/05/2025	204,65€	Realizar o control de calidade das obras que se están executando desde o Servizo de Vías e Obras GTM 2025/FAC_01/001684	Servizos	Marzo 2025	4500.22706 92025/6591

Total: 204,65 €.

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Vías e Obras manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista a Resolución da Presidencia de data 4 de agosto de 2025 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 204,65 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	40/60





Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e proponendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 204,65 €:

Acredor	Nº factura	Data factura	Importe	Obxecto do gasto	Natureza xurídica	Data realización	Concepto orzamentario/ADO provisional
INVECO, S.L. (Lote II)	2025-589	08/05/2025	204,65€	Realizar o control de calidade das obras que se están executando desde o Servizo de Vías e Obras GTM 2025/FAC_01/001684	Servizos	Marzo 2025	4500.22706 92025/6591

Total: 204,65 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto do Servizo do Parque Móbil en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBJECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
EUROMASTER AUTOMOCION Y SERVICIOS, S.A.U.	FV25 90.913	12/05/25	3.288,10€	Subm.pneumáticos para o Parque Móbil 2025/FAC-01/001980	SUBM.	Do 7 ao 30 de abril de 2025	9201.22111 92025/7221
TOTAL			3.288,10 €				

Total: 3.288,10 €

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	41/60



Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 30 de xullo de 2025 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 3.288,10 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 3.288,10 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
EUROMASTER AUTOMOCION Y SERVICIOS, S.A.U.	FV25 90.913	12/05/25	3.288,10€	Subm.pneumáticos para o Parque Móbil 2025/FAC-01/001980	SUBM.	Do 7 ao 30 de abril de 2025	9201.22111 92025/7221
TOTAL			3.288,10€				

TOTAL: 3.288,10 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA “MANS ARTESÁS 3º CUATRIMESTRE DE 2025”.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Centro de Artesanía e Deseño da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, relativo a aprobación para a participación no programa “Mans Artesás 3º Cuatrimestre de 2025”,o cal di:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página	42/60	



A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e a realización de actividades, accións, así como o desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba o amplo concepto de “Artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo o indicado, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial de Lugo, a través do Centro de Artesanía e Deseño, impulsa así o programa “Mans artesás, 3º cuatrimestre de 2025”, na liña de promover o achegamento á poboación en xeral ás actividades relacionadas coa artesanía dentro das súas múltiples perspectivas.

Fundamentos de dereito.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, 2 de abril , Reguladora das Bases de Réxime Local , unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia da Deputación , en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son , ademais das atribuídas polas leis de do Estado, as asignadas no mesmo concepto volas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LRBRL).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local en canto determina aqueles supostos que non consideren como o exercicio de novas competencias, precisando entreoutros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	43/60



A xa citada Lei 5/1997, do 22 de xuño de Administración Local de Galicia, no artigo 118 sobre o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia ,sinala que corresponde á Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Neste senso, para a aprobación do gasto e do texto que instrumenta o programa que se pretende formalizar, informo favorablemente e considero procedente a aprobación do programa.

O importe estimado para o seu desenvolvemento é de 16.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 2413.22606, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo da anualidade 2025.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o Programa “Mans Artesás, 3º cuatrimestre 2025” por importe de 16.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2413.22606, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta do Vicepresidente, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Vicepresidente que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página	44/60	



CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Subvención
Actividade competitiva 2024	CLUB GOLF EL PILAR SARRIA	GOLF	668,00 €
Actividade competitiva 2024	CLUB ATLETISMO VILALBA	ATLETISMO	676,00 €
Actividade competitiva 2024	CLUB ATLETISMO GUITIRIZ (EN CONSTITUCION)	ATLETISMO	942,00 €
Actividade competitiva 2024	CLUB DE ATLETISMO VERXEL NUTRICION DEPORTIVA	ATLETISMO	1.216,00 €
Organización de Eventos 2024	CLUB GOLF EL PILAR SARRIA	TORNEO DE GOLF EL PILAR	728,00 €

2º.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Vicepresidente que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página	45/60	

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Subvencion
Organización de Eventos 2024	CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA MUIMENTA	TORNEO FÚTBOL 7 MUIMENTA	784,00 €

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS VETERINARIO/A, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL; E NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021, e proceder a convocar o

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	46/60





proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacantes e dotadas, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para os anos 2023 e 2024. Na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral; na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, figura no apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, cupo xeral, polo sistema de Concurso-Oposición libre.

2. Caracterización da praza.

Nº prazas que se convocan	OEP	Nº Praza	Denominación praza	Nº posto	Denominación posto	Clasificación	Grupo/subgrupo	Cota
2	2023 2024	I229 985	Veterinario/ a	1732 1767	Veterinario/ a Entrada	Escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

3. Normativa de aplicación.

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página 47/60	

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo. Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).

4. Consideracións xurídicas e técnicas.

A) Convocatoria.

As prazas que se pretenden convocar está incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 Apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4; e na oferta de emprego público do ano 2024 Apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".

Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema selectivo.

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	48/60	



Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.

Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.

Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:

“Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso”.

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso- oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página 49/60	

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/ subgrupo e clasificación.

As prazas de Veterinario/a figuran encadradas na escala de administración Especial, subescala técnica, clase técnicos superiores (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A1 (art. 76 TRLEBEP).

D) Requisitos de participación.

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Grao en Veterinaria ou titulacións académicas equivalentes.

E) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) Cumprimento da legalidade.

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrência así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

	IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM		Página	50/60	



Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.

b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPL.

5. Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas nas ofertas públicas de emprego dos anos 2023 – Apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB)1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral, (BOP núm. 298, do 30.12.2023); e ano 2024 apartado 1 IA Taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, cupo xeral, polo sistema de concurso - oposición libre:

Nº prazas que se convocan	OEP	Nº Praza	Denominación praza	Nº posto	Denominación posto	Clasificación	Grupo/subgrupo	Cota
2	2023 2024	1229 985	Veterinario/ a	1732 1767	Veterinario/ a Entrada	Escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	51/60



As bases específicas complementarían as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, DE OITO (8) PRAZAS DENOMINADAS PSICÓLOGO/A, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 - APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IA) 1.1 COTA XERAL E APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB) 1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL, ACCESO LIBRES, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarían ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021, e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que a continuación se indican, vacantes e dotadas, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral, polo sistema de concurso-oposición libre.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	52/60





2. Caracterización da praza.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
8	2023	986 987 988 990 991 992 993 994	Psicólogo/a	1768 1769 1770 1772 1773 1774 1775 1776	Psicólogo/a entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

3. Normativa de aplicación.

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Reglamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	53/60



Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo. Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCE).

4. Consideracións xurídicas e técnicas.

A) Convocatoria.

As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral, polo sistema de concurso-oposición libre, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".

Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema selectivo.

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso- oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)".

Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate..."

Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:

	IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM		Página	54/60	



“Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso”.

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso- oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso- oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/subgrupo e clasificación.

A praza de Psicólogo/a, figura encadrada na escala de administración Especial, subescala técnica, clase técnicos superiores (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A1 (art. 76 TRLEBEP).

	IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM		Página	55/60	

D) Requisitos de participación.

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Grao en Psicoloxía ou titulacións académicas equivalentes.

E) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) Cumprimento da legalidade.

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrência así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.

b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

	IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEP3HTAVHN4UABIM		Página	56/60	



5. Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral, polo sistema de concurso-oposición libre (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
8	2023	986 987 988 990 991 992 993 994	Psicólogo/a	1768 1769 1770 1772 1773 1774 1775 1776	Psicólogo/a entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página	57/60	

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN TÉCNICO/A XESTIÓN DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona María Carmen Tuñas Dugnot, Funcionaria de Carreira da Deputación Provincial de Lugo, que ocupa o posto de Xefe/ a Sección II Tesouraría, solicitou a permanencia no servizo activo en data 17 de xullo de 2024, aprobado por Acordo de Xunta de Goberno de data 9 de agosto de 2024, prorrogándose ata o 20 de outubro de 2025.

Tendo en conta as consideracións de dereito formuladas no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos que sinala:

2.1.- O artigo 68 da Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.

b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

2.2.- A Orde de 7 de xaneiro de 2013, pola que se regula o procedemento de autorización da prolongación da permanencia no servizo activo, sinala no seu artigo 6:

“Duración e finalización da prolongación da permanencia no servizo activo.

A prolongación de permanencia no servizo activo concederase por períodos dun ano renovables anualmente á solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data de finalización da prolongación concedida, e como máximo ata que a persoa funcionaria cumpra a idade de setenta anos ou a idade máxima que legalmente se estableza.

Se antes de finalizar a prórroga concedida a persoa interesada non presenta a correspondente solicitude no prazo establecido, declararase de oficio a xubilación forzosa”.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM		Página	58/60	



A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e tres meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e tres meses	66 anos e 8 meses

[...].”

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, tendo presente que Dona María Carmen Tuñas Dugnol, terá acreditado, á data 20 de outubro de 2025, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación de permanencia no servizo activo dentro do prazo expresamente sinalado regulamentariamente.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, Dona María Carmen Tuñas Dugnol, con efectividade do día 20 de outubro de 2025, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	59/60



15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Fecha y Hora	27/08/2025 14:38:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TY2BN3AEPT3HTAVHN4UABIM	Página	60/60	